2. Bolsas de estudo
2.1. Bolsas de estudo

A Fundación IBERDROLA presenta tres convocatorias de bolsas para cursar Estudos de Mestría en Enerxía e Ambiente en España, no Reino Unido e en Estados Unidos, dentro das seguintes áreas formativas: enerxías renovables, sistema enerxético sostible, medio ambiente, tecnoloxías limpas de carbón e xestión de emisións, eficiencia enerxética, almacenamento de enerxía, vehículos eléctricos, redes de distribución intelixentes, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC), tratamiento de datos (Big Data) e ciberseguridade.

FUNDACION IBERDROLA. BOLSAS PARA ESTUDOS DE MESTRÍA EN ENERXÍA E AMBIENTE

Requisitos

- Ter nacionalidade española.
- Estar en posesión dun título universitario de grao ou licenciatura recoñecido ou ben atoparse no último ano dos estudos (en cuxo caso a concesión da bolsa supedítase á obtención do título).
- Ter unha nota media na licenciatura ou grao igual ou superior a 7.0 sobre 10.
- Acreditar un bo coñecemento de inglés (os títulos que se esixen dependen da convocatoria)
- Para as bolsas en EEUU e UK, presentar un xutificante de ter iniciado o procedemento habitual de solicitude de praza nalgunha das universidades previstas pola bolsa.

Lugar

España: Universidades e centros tecnolóxicos.

Reino Unido: Imperial College of London e Universidades de Cambridge, East Anglia, Edimburgo, Strathclyde, Liverpool e Glasgow.

Estados Unidos: Oregon State University, Rochester Institute of Technology e Universidades de Binghamton, Connecticut, Maine e Rochester.

Prazos de solicitude

Primeiro trimestre do ano.

Proceso de selección

Primero faise unha preselección de candidatos, contactando coa Universidade correspondente para comprobar a admisión. Para os que pasen esta fase, haberá posteriormente unha entrevista personal tra-la cal farase pública a relación de beneficiarios.

Para máis información preme aquí

Duración e contía

A duración prevista é de un ano natural desde o inicio do programa de estudos.
As contías totais asignadas son de 10.800€ (España), 18.960€ (Reino Unido) e 24.000€ + 1.500€ para gastos de viaxe (Estados Unidos), ademais dos custos de matrícula.